A sociedade e a igrexa bizantinas

A **sociedade** xerarquizábase en diferentes grupos. No **nivel máis alto** situábase a aristocracia, que posuía latifundios e ocupaba os postos principais do goberno. Xunto a ela atopábanse os altos cargos da Igrexa.

No **nivel medio** atopábase o clero, os monxes, os funcionarios, os comerciantes e os campesiños libres.

No **nivel máis baixo** estaban os servos, os escravos e os mendigos.

A **igrexa bizantina** exerceu grande influencia, pois coroaba o emperador, posuía grandes propiedades e controlaba espiritualmente a sociedade. Tivo que enfrontarse a dous problemas principais: a disputa das imaxes e a rivalidade entre o patriarca de Constantinopla e o papa de Roma.

– A **disputa das imaxes** enfrontou os emperadores iconoclastas, que prohibiron o culto ás imaxes relixiosas, cos monxes. Ao final, a presión dos monxes e do pobo impuxo o culto ás imaxes.

– A **rivalidade co papa de Roma** desembocou en 1054 na separación entre as igrexas oriental e occidental (Cisma de Oriente). Desde entón a igrexa oriental pasou a denominarse igrexa ortodoxa.

1. **Completa** a pirámide social cos grupos que integraban a sociedade bizantina.

Servos

Comerciantes

Aristocracia

Funcionarios


Mendigos

Alto clero

Campesiños libres

Escravos

Monxes



2. **Completa** a seguinte táboa coa información do texto.

Igrexa bizantina	
Influencia	Problemas

LIVEWORKSHEETS

A herdanza cultural e artística de Bizancio

O imperio bizantino deu orixe a unha **brillante cultura**, resultado da herdanza cultural grega e das influencias cristiás e orientais.

A principal manifestación artística foi a **arquitectura**. Os edificios principais foron as **igrexas**, que con frecuencia adoptaron planta de cruz grega e empregaron a cúpula sobre pechinas ou pendentes. Destacan a basílica de Santa Sofía de Constantinopla e a igrexa de San Vital, en Rávena.

Tamén destacaron os **mosaicos** e as **iconas**. O **mosaico**, formado por pequenas pezas (teselas), utilizouse para decorar con temas relixiosos as paredes e as cúpulas do interior das igrexas. As **iconas** eran imaxes relixiosas xeralmente pintadas sobre táboas cun fondo dourado.

3. **Completa** as seguintes frases.

a) A cultura bizantina foi o resultado da herdanza cultural e das influencias e .


b) As igrexas bizantinas tiñan normalmente planta de e empregaron a .

c) As eran as pezas que formaban os mosaicos que decoraban con temas relixiosos o interior das .

d) As eran imaxes relixiosas pintadas sobre cun fondo .

4. **Emparella** os seguintes conceptos coa imaxe que corresponda.

Icona Cúpula sobre pechinas Mosaicos



1.



2.



3.

LIVEWORKSHEETS